

4. Criterios de avaliación.

-Recoller e analizar información sobre os procesos de formación e evolución dos valores e normas morais, tanto no plano social e histórico como no psicolóxico e persoal.

Preténdese con este criterio avalia-la capacidade dos alumnos e alumnas de comprender e xulgar criticamente os valores e normas morais vixentes na nosa sociedade, así como de avaliar e revisa-los propios procesos de socialización moral.

-Participar con madureza en debates e discusións de conflitos e dilemas morais, utilizando formas de argumentación rigorosas e unha axeitada precisión conceptual e terminolóxica.

Con este criterio preténdese avalia-lo progreso dos alumnos e alumnas no desenvolvemento da capacidade e calidade de razoamento moral e na adquisición dunha conciencia crítica e autónoma, así como dos sentimentos de empatía e tolerancia.

-Ler e analizar textos de carácter ético (filosóficos, literarios, cinematográficos, etc.).

Trátase de avaliar, a través deste criterio, a capacidade dos alumnos e alumnas de identificar, valorar e incorporar elementos valiosos de teorizacións éticas tanto históricas como actuais.

-Analizar datos e documentacións de diferente tipo (informes, vídeos, prensa, etc.) que conteñan información relevante sobre problemas morais do noso tempo.

Mediante este criterio, preténdese avalia-la capacidade das alumnas e alumnos de detectar, coñecer e analiza-los principais problemas morais do noso tempo, así como de avalia-lo desenvolvemento da súa predisposición á cooperación na construción dunha sociedade xusta e solidaria.

CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE

Orde do 1 de agosto de 1996 pola que se regulan os contidos mínimos do Regulamento de réxime interior e o proxecto educativo dos centros de atención a menores.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia para establece-las normas sobre acreditación e autorización de centros de servizos sociais. No exercicio destas competencias, publicouse o Decreto 243/95, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, desenvolvéndose por orde da Consellería de Familia Muller e Xuventude, do 29 de febreiro de 1996, os requisitos específicos que deben reuni-los centros de menores e centros de atención á infancia.

O artigo 7 do referido decreto establece como un dos requisitos funcionais de tódolos centros residenciais dispoñer dun regulamento de réxime interior que, segundo o artigo 21, deberá ter un contido mínimo e someterse á aprobación administrativa da consellería competente.

Por outra banda, o Decreto 112/95, do 31 de marzo, sobre medidas de protección de menores e da adopción, establece no seu artigo 35 a esixencia de que tódolos centros de atención a menores posúan un proxecto educativo xeral e un regulamento de réxime interior cuns contidos mínimos que se determinarán por orde da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

En virtude do exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º e 38º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPONO:

Artigo 1º.-Disposicións xerais.

Tódolos centros de menores situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia deberán posuír un regulamento de réxime interior e un proxecto educativo, que se axustarán ós contidos mínimos que se establecen no anexo I desta orde. Esta documentación deberá remitirse, para a súa aprobación pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude, xunto coa solicitude de inicio de actividades.

Ademais, anualmente, os centros remitiranlle á Dirección Xeral da Familia a programación anual de actividades antes do 15 de setembro e a memoria anual de actividades do período anterior, no último trimestre do ano. Ámbolos dous documentos deberán adecuarse tamén á estrutura e contidos especificados no anexo I desta orde.

Disposición transitoria

Os centros propios de menores deberán remitir á Secretaría Xeral da Consellería o proxecto de regulamento de réxime interior e o proxecto educativo do centro para a súa aprobación pola consellería, no prazo máximo de tres meses a partir da data de entrada en vigor desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral da Familia para dicta-las resolucións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 1996.

Manuela López Besteiro
Conselleira de Familia, Muller e Xuventude

ANEXO I

1. Regulamento de réxime interior.

O regulamento de réxime interior é un instrumento necesario e útil para regulamenta-la organización da vida cotiá dos centros de menores. Nel deberán quedar recollidos tódolos aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluíndo ademais os dereitos e deberes dos menores, o réxime de saídas, visitas, correspondencia e comunicacións telefónicas.

A dirección do centro e o seu persoal educativo son os responsables da súa aplicación e de lles comunica-lo seu contido ós menores no momento do seu ingreso, así como ó resto do persoal do centro.

Os seus contidos mínimos serán os seguintes:

1. Dereitos e obrigas dos menores.

1.1. Dereitos dos menores.

Os menores internados gozarán de tódolos dereitos e liberdades que lles atribúa a lexislación vixente, sen máis limitacións que as derivadas da súa idade e da propia resolución de internamento. En particular, recoñécenselle-los seguintes dereitos:

-A que as medidas que se adopten non atenten contra a súa liberdade de conciencia cívica, moral ou relixiosa nin contra a súa dignidade persoal.

-A recibir en un trato igualitario sen distinción nin discriminación ningunha, así como o respecto á súa integridade e saúde.

-Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.

-Á asistencia sanitaria e a recibiren educación nos termos previstos na lexislación vixente para o resto da poboación.

-A asociárense co obxecto de favorece-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades do centro.

-A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pediren explicacións de canto afecte a súa propia educación.

-A recibiren un tratamento individualizado de contido educativo cara á súa integración socio-familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.

-A seren educados para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.

-Á capacitación para o exercicio de actividades profesionais, á preparación para a participación activa na vida social e cultural.

-A realizaren saídas ó exterior, agás que as teñan limitadas en virtude de resolución xudicial.

-A recibiren visitas, chamadas telefónicas e correspondencia na forma que estableza o centro.

-A comunicárense coa autoridade administrativa ou xudicial competente e formularen ante ela as oportunas reclamacións.

-Ó sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio familiar.

1.2. Obrigas dos menores.

-Cumpriren as normas que estableza o seu centro para o seu bo funcionamento.

-Non ausentárense do centro sen informaren a quen corresponda e sen o debido permiso para facelo.

-Colaboraren na realización de determinadas tarefas que, sen supoñeren un risco para a súa saúde, sirvan para mellora-la súa autonomía persoal, e participaren activamente e de xeito responsable nas actividades educativas, ocupacionais, culturais e recreativas programadas polo centro.

-Manteren unha actitude de respecto e consideración con todo o persoal que traballa no centro e cos seus compañeiros.

-Observaren unha actitude dilixente na utilización das dependencias, materiais e obxectos do centro.

-Colaboraren cos seus compañeiros nas actividades e respectaren a súa dignidade persoal.

-Desempeñaren responsablemente os cargos e delegacións para os que fosen elixidos.

A cada menor interno nun centro asignaráselle un titor que será o responsable directo da aplicación do Proxecto Educativo Individualizado (PEI) e do seguimento da evolución do menor no centro, e actuará como profesional de referencia para tódalas cuestións que afecten ó menor.

2. Dereitos e obrigas do persoal.

2.1. Dereitos do persoal.

O persoal dos centros gozará dos dereitos e liberdades que lle atribúa a lexislación vixente. En todo caso, recolleranse polo menos os seguintes dereitos:

-Recibir información periódica da marcha e funcionamento do centro, a través dos órganos de participación ou, no seu defecto, do director responsable do centro.

-Elixir, se é o caso, os seus representantes para os órganos de participación que se constitúan de acordo co previsto no apartado 3 deste regulamento.

-Presentar propostas que contribúan a mellora-lo funcionamento do centro e a atención prestada ós menores.

-Desenvolve-las súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste nos seus obxectivos e contidos á programación xeral do centro.

-A que se lle proporcione, dentro das disponibilidades do centro, os instrumentos e medios necesarios para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio dos menores atendidos.

2.2. Obrigas do persoal.

-Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o regulamento de réxime interior.

-Velar polo respecto ós dereitos dos menores recollidos no Regulamento de réxime interior e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.

-Gardar estricta cofidencialidade sobre os datos persoais dos menores a que teñan acceso en razón das súas funcións.

-O cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.

3. Estructura organizativa.

a) Os centros colaboradores establecerán os órganos de goberno e representación que consideren conveniente, tendo que incluír polo menos a figura do director/responsable do centro e a súas funcións.

b) Os centros dependentes da consellería terán polo menos os seguintes órganos:

-Unipersoais: o director e, se é o caso, o subdirector.

-Colexiados: o Consello de Centro e a Comisión Educativa.

Estes órganos terán polo menos as seguintes funcións:

1.-O director: é o representante do centro e o responsable do seu correcto funcionamento. Depende orgánica e funcionalmente do delegado provincial da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, e as súas funcións mínimas serán as seguintes:

-Responsabilizarse da xestión global do centro que inclúe control orzamentario, administrativo e mantemento.

-Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

-Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, regulamento de réxime interior, e cantas disposicións emanen dos órganos competentes da consellería que os afecten.

-Supervisar, coordinar e facer cumprir-lo correcto desenvolvemento das actividades programadas.

-Convocar e presidi-las reunións dos órganos colexiados, así como executar e facer cumprir-os acordos adoptados por estes.

-Exerce-la garda dos menores ingresados no centro de acordo co previsto na lexislación vixente.

-Remitir-lles ós órganos da consellería cantos informes e datos sexan requiridos relativos ós menores atendidos ou a aspectos organizativos e funcionais do centro.

2. O subdirector: nos centros en que haxa, correspóndelle o subdirector substituí-lo director e asumir-las súas funcións nos casos de ausencia deste.

3. O consello de centro: é un órgano colexiado que asumirá a coordinación xeral do centro, marcando as directrices e adoptando os acordos procedentes. Estará composto, polo menos, polos seguintes membros:

-O director, que o presidirá.

-O subdirector, se o houbese.

-Un representante do persoal educativo.

-Un representante do persoal de servizos.

-Un representante dos menores elixido por e entre os maiores de doce anos.

-Un representante da delegación provincial da consellería, designado polo delegado provincial.

Serán funcións do Consello de Centro, polo menos, as seguintes:

-Elabora-lo proxecto de regulamento de réxime interior e eleva-lo á consellería para a súa aprobación.

-Elaborar e avalia-la memoria anual de actividades.

-Aproba-lo proxecto educativo e a programación anual de actividades, elaborados pola Comisión Educativa.

-Propoñerlle á consellería cantas medidas consideren convenientes para mellora-lo funcionamento do centro.

-Supervisar que as directrices e programacións se axusten ós principios, criterios e obxectivos establecidos pola consellería.

4. A Comisión Educativa: estará composta polo director; o subdirector, se o houbese, e os educadores do centro, e terá, polo menos, as seguintes funcións:

-Elabora-lo proxecto educativo do centro e a programación anual de actividades.

-Face-lo seguimento da programación do centro e do proceso educativo grupal e individual.

-Presentar propostas e achega-los datos necesarios ó Consello de Centro para a elaboración do Regulamento de réxime interior e a memoria anual de actividades.

-Supervisa-la aplicación dos proxectos educativos individualizados e a súa adecuación ó proxecto educativo do centro.

3.2. O persoal do centro: descrición e funcións.

4. Organización interna.

4.1. Sistema de altas e baixas.

-Libro de rexistro de usuarios.

-Expediente individualizado de los menores.

4.2. Normas de convivencia.

- Horarios.
- Normas de saúde e hixiene persoal.
- Uso das dependencias e materiais.
- Normas esenciais de convivencia.

4.3. Réxime de visitas e contactos co exterior.

- Relacións coa familia.
- Relacións co medio físico e social.
- Saídas dos menores fóra do centro.
- Comunicacións telefónicas e postais.

5. Réxime disciplinario.

- 5.1. Faltas.
- 5.2. Medidas correctoras.

II. Proxecto educativo.

Tódolos centros de menores deberán contar cun proxecto educativo xeral que regule e organice as súas dinámicas particulares de intervención educativa e que estableza os obxectivos da acción educativa, as áreas de actuación e os medios humanos, técnicos e materiais dispoñibles para o seu desenvolvemento.

O proxecto educativo deberá contar, polo menos, cos seguintes apartados:

1. Descrición do centro.

- 1.1. Datos identificativos.
- 1.2. Situación xeográfica.
- 1.3. Tipoloxía do centro.
- 1.4. Recursos do centro: infraestruturais, humanos, materiais, financeiros. Recursos do contorno.

2. Características da poboación atendida.

- 2.1. Características xerais.
- 2.2. Características específicas (problemáticas que atende).

2.3. Idades e sexos de atención e admisión.

3. Organización educativa.

3.1. Estructura organizativa.

Neste apartado establecerase a estrutura organizativa do centro a nivel educativo, definindo as distintas figuras profesionais e equipos de traballo, así como as súas funcións.

3.2. Relacións educativas da institución con:

- Familia.
- Outras institucións.
- Outros profesionais.

4. Obxectivos da acción educativa.

4.1. Obxectivos xerais: liñas da actuación educativa.

Os obxectivos xerais do centro deben servir de base para a elaboración dos específicos e de tódalas programacións.

4.2. Obxectivos específicos.

Neste apartado reflíctense os obxectivos referidos a cada unha das áreas de intervención educativa.

5. Áreas de desenvolvemento da acción educativa.

Neste apartado establecerase a programación de actividades que se van desenvolver para a consecución dos obxectivos propostos, que se estruturará en función das áreas de intervención previstas no proxecto educativo individualizado (PEI), e, alomenos, serán as seguintes:

- 5.1. Área hixiénico sanitaria.
- 5.2. Área de personalidade e actitudes.
- 5.3. Área escolar/laboral.
- 5.4. Área social e de convivencia.
- 5.5. Área familiar.
- 5.6. Área de lecer e tempo libre.

6. Metodoloxía da intervención educativa.

- 6.1. Recursos técnicos dispoñibles.
- 6.2. Fases da intervención.

-Recepción.

-Intervención socioeducativa.

-Inserción sociolaboral.

-Reinserción e seguimento postinstitucional.

6.3. Sistema de seguimento e avaliación da intervención educativa nas distintas fases da intervención: posta en marcha, proceso e resultados.

7. Avaliación do proxecto educativo.

III. Programación anual de actividades.

A programación anual de actividades ten por obxecto estrutura-las previsións de actuacións ó longo do ano, co fin de ter sistematizado o traballo do centro e poder avalialo ó finalizar cada período. É o elemento básico de organización e deberá conter, polo menos, os seguintes apartados:

1. Descrición das actividades que se van desenvolver en cada unha das áreas de intervención, cos seus obxectivos, persoas que interveñen, localización, e temporalización delas e asignación de responsabilidades.

2. Programación de reunións educativas.

3. Sistema de avaliación periódica da execución da programación anual.

4. Modo de actualización ou corrección da programación en función das avaliacións periódicas.

IV. Memoria anual de actividades.

A memoria anual é un instrumento de carácter avaliador que serve como elemento autorregulador do funcionamento do centro ofrecendo unha visión da adecuación deste ós obxectivos e actuacións programadas. É tamén útil como vehículo de transmisión ós órganos correspondentes da Administración de información sobre a súa actividade.

A memoria anual deberá recoller polo menos:

1. Actuacións desenvolvidas durante o ano.
2. Resultados obtidos.
3. Avaliación dos resultados: adecuación ós obxectivos e actuacións programadas.
4. Conclusións xerais.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 24 de xuño de 1996, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón a inscrición e a publicación do convenio colectivo de ámbito provincial da empresa Labauto Ibérica, S.A. de Ourense.

Visto o texto do convenio colectivo provincial da empresa *Labauto Ibérica, S.A.* (código nº 3200502) de Ourense, con entrada nesta delegación provincial, suscrito en representación da parte económica pola empresa e da parte social polos membros do comité de empresa, en reunión celebrada o 31 de maio de 1996, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo R.D. 1/1995, do 24 de marzo, R.D. 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e R.D. 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la inscrición do mesmo no rexistro de convenios colectivos desta delegación provincial, con notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Unidade de Medicación, Arbitraje e Conciliación desta delegación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 24 de xuño de 1996.

Manuel López Casas
Delegado provincial de Ourense

Convenio colectivo 1996

Título I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Partes contratantes.

O presente convenio colectivo foi negociado pola empresa *Labauto Ibérica, S.A.* e as representacións sindicais de Comisións Obreiras (CC.OO.) e Convergencia Intersindical Galega (CIG) e suscrito polos membros do comité pertencentes ás representacións sindicais de Comisións Obreiras e Convergencia Intersindical Galega e polos delegados sindicais de ámbalas centrais da factoría de San Cibrao das Viñas (Ourense), co ámbito territorial e persoal que máis abaixo se indica.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

De acordo co establecido no artigo 83.1 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, o ámbito territorial do convenio é o da empresa *Labauto Ibérica, S.A.*, establecida no polígono industrial de San Cibrao das Viñas.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

O convenio afecta á totalidade do persoal pertencente ó cadro da empresa, coas excepcións que a norma vixente prevé.

Con respecto ó persoal con contrato de duración determinada, seralle de aplicación o presente convenio colectivo nas mesmas condicións que se establecen no parágrafo anterior, excepto naqueles aspectos del que colisionen coa temporalidade dos ditos contratos ou con acordos anteriores específicos.

Artigo 4º.-Vixencia.

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo do cal as condicións económicas se aplicarán a partir do día 1 de xaneiro de 1996.

Terá unha vixencia dun ano, expirando o 31 de decembro de 1996.

Artigo 5º.-Prórroga e denuncia.

Este convenio prorrogarase pola tácita de ano en ano, de non mediar denuncia expresa por escrito dunha parte ante a outra, con tres meses de antelación ó seu vencemento.

O convenio colectivo permanecerá igual en todo o seu contido social e económico ata que se asine outro que o substitúa.

Artigo 6º.-Condicións e compensación de melloras.

As condicións contidas neste convenio colectivo establécense co carácter de mínimas.

Tódalas melloras que se implanten por normas legais ou outras serán compensables e absorbibles, ata onde alcancen, cos aumentos e melloras existentes ou que poidan establecerse no futuro, sempre